PLAN DE CONTINXENCIA FRONTE A COVID-19

CPR PLURILINGÜE MONTERREY

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN **páx.4**
1. OBXETIVOS DO PLAN DE CONTINXENCIA **páx.4**
2. ORGANIZACIÓN XERAL **páx.4**
PRINCIPIOS BÁSICOS **páx.4**
GRUPOS DE CONVIVENCIA ESTABLE **páx.6**
INFORMACIÓN E FORMACIÓN **páx.9**
ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS PREVIAS Ó INICIO DO CURSO **páx.10**
ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS ESPECÍFICAS **páx.11**
Entradas e saídas do alumnado **páx.11**
Medidas de carácter organizativo **páx.13**
Previsión respecto a outros espazos **páx.13**
Aseos **páx.17**
Recreos **páx.17**
3. MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS **páx.19**
HIXIENE DE MANS E RESPIRATORIA **páx.19**
LIMPEZA E DESINFECCIÓN **páx.22**
4. CASOS E POSIBLES ESCEARIOS **páx.22**
4.1 Equipo covid **páx.22**
4.2 Aparición de síntomas ou positivos **páx.24**
4.3 Medidas a adoptar en caso de ensino a distancia **páx.28**
4.3.1 Orientacións xerais a nivel de centro sobre o ensino a distancia…páx.28
4.3.2 Concrecións por etapas e situacións…… **páx. 30**

5 GRUPO DE TRABALLO **p.33**
6 REVISIÓN DO PLAN DE CONTINXENCIA **p.33**

INTRODUCCIÓN

Dende o Colexio Monterrey, seguindo as orientaciós das Consellerías de Sanidade e Educación , demaís autoridades sanitarias e o Servicio de Prevención de Riscos Laborais, elaborouse este Plan de continxencia motivado pola pandemia do coronavirus SARS-COV2, para a súa aplicación no inicio do curso escolar 2020-2021 e mentres se manteña esta emerxencia sanitaria.

Este documento establece directrices a seguir para o persoal docente e de servicio e para os alumnos e as súas familias, incluíndo ademáis, medidas de organización, información, aprovisionamento de material, de hixiene e xestión deresiduos.

As condicións de seguridade e saúde que se teñen que cumplir son as derivadas da Ley de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento.. A isto súmanse, nesta situación de pandemia, as normas dictadas polas autoridades competentes e sanitarias nos sucesivos protocolos que se foron publicando na páxina oficial do Ministerio de Sanidade e, en particular, as Directrices de boas prácticas nos centros de traballo, Medidas para a prevención de contaxios del COVID-19 do Ministerio deSanidade.

Os protocolos e directrices márcanse en función do coñecemento científico e técnico dispoñible en cada momento sobre un virus novo do que aprendemos día a día, o que require constantes revisións dos plantexamentos e medidas propostas. É fundamental manterse ó día e promover medidas innovadoras que incorporen os coñecementos adquiridos sobre o virus e o seu comportamento.

1. OBXETIVOS DO PLAN DE CONTINXENCIA.

- Atender a todo o alumnado tendo en conta a súa diversidade, de forma que ningún alumno ou alumna sufra, de xeito irreparable, as consecuencias da alerta sanitaria.
- Reorganizar espazos e a organización do centro educativo, para evitar a interacción entre distintosniveis educativos,seguindo as medidas de seguridade e protección contra oCovid-19.
- Informar á comunidade educativa das pautas de actuación e funcionamento do centro nos diferentes escearios que nos poidamos atopar no curso20/21.
- Incorporar ferramentas e materiais necesarios para dar resposta ante un posible esceario de ensino non presencial.

2. ORGANIZACIÓN XERAL

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

Os tres pilares más repetidos na loita conta a COVID 19 son os seguintes:

- Hixiene frecuente de mans, xa que é a principal medida de prevención e control da enfermidade.
- Manter distanciamiento físico de1,5metros co alumnado doutros grupos de convivencia estable.
- Uso da máscara.

En infantil e primaria,cada grupo estará nasúa aula, excepto cando teñan que saír a Educación Física.

Nas aulas que foi preciso, retirouse mobiliario reducindo este ao imprescindible.

En Educación Secundaria:

- A clase 1º de ESO establecerase na aula de música, dado que é un grupo moi numeroso e é un aula moi ampla.

- A clase de 2º de ESO establecerase na aula de psicomotricidade de infantil unida á sala de Mestres mediante a realización dunha obra.

- Para as clases de 3º de ESO , farase unha obra que unirá as actuais clases de 1º e 2º para respetar a distancia de 1,5 mts.

USO DA MÁSCARA NO CENTRO.

- O alumnado, profesorado, persoal non docente e toda persoa allea ao centro **deberá usar a máscara durante toda a xornada escolar,** agás nos momentos puntuais de

merenda e comida. Quedan excluídos os menores de 6 anos, para os cales o seu uso non é obrigatorio, pero si recomendable.

- Na aula matinal e no comedor é obrigatorio o uso de máscara, independentemente da idade do alumno ou alumna

- As máscaras deberán traerse da casa e deberán vir marcadas co nome do seu usuario/a.

- Tódolos alumnos deberán traer unha máscara de reposto, metida nun sobre de papel, co nome, que será custodiada polo seu titor/a e permanecerá no centro por se é necesaria.

- Cada alumno/a deberá traer unha bolsa de tea onde poder deixalas cando non as empreguen (merenda e comida) .

- Cada alumno, ademaís disto,(e con independencia de que o centro contará con materias de desinfección en tódalas aulas), traerá un xel desinfectante e panos desbotables de uso propio.Tamén a sua botella de auga.

12)

- O profesorado, e atendendo ao carácter exemplar, empregará en todo momento a máscara, agás naqueles momentos nos que impida o normal desenvolvemento do seu traballo, como poidan ser as sesións de AL. Cando isto se produza, será obrigatorio manter a distancia de seguridade e usaranse pantallas protectoras ou mamparas.

GRUPOS DE CONVIVENCIAESTABLE.

O centro organizarase a través de grupos de convivencia estable que é o formado polo alumnado dunha clasee o equipo docente que imparte clase nese grupo. O tratarse dun centro pequeno, os mestres imparten docencia en varios grupos. Os especialistas de Inglés, AL, Música e E.F. teñen que entrar en tódolos grupos do centro correspondentes á súa etapa educativa.

Os grupos de convivencia estable que hai no centro son 13:

ETAPA	**ED. INFANTIL**	**NIVEL**	**4º**	**GRUPO**	**ÚNICO**
AULA	**4º ED. INFANTIL**	**Nº ALUMNADO ASIGNADO**	**18**	**Nº PROFESORADO ASIGNADO**	**5**

ETAPA	**ED. INFANTIL**	**NIVEL**	**5º**	**GRUPO**	**ÚNICO**
AULA	**5º ED. INFANTIL**	**Nº ALUMNADO ASIGNADO**	**24**	**Nº PROFESORADO ASIGNADO**	**5**

ETAPA	**ED. INFANTIL**	**NIVEL**	**6º**	**GRUPO**	**ÚNICO**
AULA	**6º ED. INFANTIL**	**Nº ALUMNADO ASIGNADO**	**24**	**Nº PROFESORADO ASIGNADO**	**5**

ETAPA	**ED. PRIMARIA**	**NIVEL**	**1º**	**GRUPO**	**ÚNICO**
AULA	**1º PRIMARIA**	**Nº ALUMNADO ASIGNADO**	**25**	**Nº PROFESORADO ASIGNADO**	**6**

ETAPA	**ED. PRIMARIA**	**NIVEL**	**2º**	**GRUPO**	**ÚNICO**
AULA	**2º PRIMARIA**	**Nº ALUMNADO**		**Nº PROFESORADO**	**6**

		ASIGNADO	20	ASIGNADO	

ETAPA	ED. PRIMARIA	NIVEL	3º	GRUPO	ÚNICO
AULA	3º PRIMARIA	Nº ALUMNADO ASIGNADO	23	Nº PROFESORADO ASIGNADO	5

ETAPA	ED. PRIMARIA	NIVEL	4º	GRUPO	ÚNICO
AULA	4º PRIMARIA	Nº ALUMNADO ASIGNADO	25	Nº PROFESORADO ASIGNADO	6

ETAPA	ED. PRIMARIA	NIVEL	5º	GRUPO	ÚNICO
AULA	5º PRIMARIA	Nº ALUMNADO ASIGNADO	25	Nº PROFESORADO ASIGNADO	6

ETAPA	ED. PRIMARIA	NIVEL	6º	GRUPO	ÚNICO
AULA	6º PRIMARIA	Nº ALUMNADO ASIGNADO	25	Nº PROFESORADO ASIGNADO	6

ETAPA	ESO	NIVEL	1º	GRUPO	ÚNICO
AULA	AULA MÚSICA	Nº ALUMNADO ASIGNADO	27	Nº PROFESORADO ASIGNADO	8

ETAPA	ESO	NIVEL	2º	GRUPO	ÚNICO
AULA	AULA HABILITADA PLANTA BAIXA	Nº ALUMNADO ASIGNADO		Nº PROFESORADO ASIGNADO	9

ETAPA	ESO	NIVEL	3º	GRUPO	ÚNICO
AULA	3ª ESO AMPLIADA	Nº ALUMNADO ASIGNADO		Nº PROFESORADO ASIGNADO	11

ETAPA	ESO	NIVEL	4º	GRUPO	ÚNICO
AULA	4º ESO	Nº ALUMNADO ASIGNADO		Nº PROFESORADO ASIGNADO	9

Todas as medidas organizativas do centro parten da concepción do "grupo-aula" coma grupo primario de convivencia estable. Os horarios lectivos, a utilización dos espacios -incluido o patio-, os desprazamentos polo centro educativo, están organizados para favorecer a NON interacción cos outros grupos de alumnado.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS DE INFANTIL

-Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as que procuraremos sexan os mesmos sempre, que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

-Por decisión consensuada, o grupo de 6º de Infantil usará mascarilla.

-Os grupos estables faranse tendo en conta si este alumnado asiste ó comedor escolar, para así mantelos organizados destexeito á hora da comida.

- Iniciarase a xornada con acción nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico.

- Xa que o alumnado de 4º e 5º de Infantil dispón de baño na propia clase, fomentarase o lavado de mans, aínda que se dispoña de xelhidroalchólico, sen estar ó alcance do alumnado.

- Limitaranse os materiais de uso común e gardaránse os xoguetes, deixandoestricamente os que non teñanpezas e sexan doados de desinfectar.

- Os grupos estables de Infantil comerán nassúas aulas

INFORMACIÓN EFORMACIÓN.

-A información do plan á comunidade educativa será basicamente a través da páxina web do centro , donde se colgará todo o Protocolo adaptado ó noso centro,e da aplicación Tokapp, aínda que trataremos de facer reunións de inicio de curso ou incluso con anterioridade ao seu inicio para dar as indicacións oportunas no que se refire aos primeiros días lectivos.

- As normas básicas serán entregadas ás familias cando recollan os libros do fondo ou entreguen material óstitores e titoras

No caso de alumnos novos no centro, priorizaránse as entrevistas individuais, para garantir unha acollida axeitada.

Caso especial, tamén son os alumnos de 4º de Infantil, moitos dos cales nunca estiveron escolarizados e precisan unha acollida distinta. Neste caso , o mestre xa celebrou reunión en xuño con pequenos grupos de paias, e voltará a facelo antes do comezo do curso.

NIVEL E ETAPA	DATA	HORA	LUGAR /MEDIO DE REUNIÓN
4º ED. INFANTIL	7/09/2020	18:00 e 19:00	Aula de música do centro Reunión presencial
5º ED. INFANTIL	8/09//2020	17:00	Reunión telemática grupal
6º ED. INFANTIL	8/09/2020	17:30	Reunión telemática grupal
1º ED. PRIMARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
2º ED. PRIMARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
3º ED. PRIMARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
4º ED. PRIMARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
5º ED. PRIMARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
6º ED. PRIMARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
1º ED. SECUNDARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
2º ED. SECUNDARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
3º ED. SECUNDARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais
4º ED. SECUNDARIA	Do 7 ó 10/09/2020		Entrevistas/chamadas individuais

.Nas primeras semanas de setembro reunirase o ConselloEscolar, celebrarase unha reunión coa directiva da ANPA e haberá unha comunicación fluida coas familias sobre as medidas aplicadasnos seguintes aspectos:

- As condicións de reapertura docentro.
- A importancia do seu papel activo na observación e realización das

medidas hixiénico sanitarias dos seusfillos/as.

- Os medios dispoñibles e o protocolo de actuación en caso de contaxio no centro.
- Os horarios de entrada e saída do centro, e a sua organización.
- As posibles modificacións que se poidan levar a cabo ó longo do curso.

Ó inicio do curso as medias adoptadas deberánse de explicar ó alumnado e ás familias de xeito sinxelo e claro.

ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS PREVIAS Ó INICIO DO CURSO.

- Reorganizar a distribución das aulas
- Provisión de material de hixiene (xabón, rolos de papel, xel hidroalcohólico, colocación de dispensadores de xel en tódolos espazos, cubos de basura con pedal nos baños, de cara ao inicio de curso, tendo claro que vai ser preciso mercar máis material de xeito frecuente ó longo docurso.
- Marcar as circulacións do alumnado polo centro a través de sinais no chan e paredes, tanto en entradas, corredores, aulas e patio.
- Establecer o uso de aulas comúns e material (informática, biblioteca, material deportivo, instrumentos musicais, pinturas,…).

ACTUACIÓNS ORGANIZATIVASESPECÍFICAS.

ENTRADAS E SAÍDAS

ENTRADAS.

O centro permanecerá aberto dende as 08:30 para que o alumnado entre progresivamente nas aulas.

O mestre que teña clase á primeira hora nun grupo, deberá estar na súa clase ás 8:30, para recibir ós alumnos que por motivos familiares accedan antes ó centro.

Un membro da familia poderá acompañar ao alumno/a ata a porta de entrada que lle corresponda , non podendo acceder ó centro (agás no caso do acompañante do alumnado de Educación Infantil)

Un acompañante do alumnado de E.Infantil poderá acompañar ao alumno/a ata a porta da área de infantil, utilizando o fluxo de circulación sinalado e respetando a distancia de seguridade en todo momento .

Horario e portas de entrada

Para evitar aglomeracións as horas de entrada e saída serán escalonadas, así como os accesos ó centro. Tomarase a temperatura a tódolos alumnos e persoal.

Asimesmo, haberá 2 periodos de descansoó aire libre ó longo da xornada lectiva, nos que coincidirán o menor número posible de alumnos.

	HORA ENTRADA/ PORTA
4º Ed.INFANTIL	**9:10 - porta patio**
5º Ed.INFANTIL	**9:05 - porta patio**
6º Ed.INFANTIL	**9.00 - porta patio**
1º P	**9:10- porta principal**
2º P	**9:05 - porta patio**
3º P	**9:00 - porta principal**
4º P	**8:55 - porta patio**
5º P	**8:50 - porta patio**
6º P	**8:45 - porta patio**
1º ESO	**8:30 – porta entrada ximnasio**
2º ESO	**8:35 – porta entrada ximnasio**
3º ESO	**8:40 – porta entrada ximnasio**
4º ESO	**8:45 – porta entrada ximnasio**
1º ESO (martes pola tarde)	**16:40 – porta entrada ximnasio**
2º ESO (martes pola tarde)	**16:30 – porta entrada ximnasio**
3º ESO (martes pola tarde)	**16:35 – porta entrada ximnasio**
4º ESO (martes pola tarde)	**16:25 – porta entrada ximnasio**

As familias con alumnos que entren en distintos horarios, deberán deixalos no horario do maior

SAÍDAS.

Cada grupo sairá pola súa porta respectiva onde poderá estar agardando un membro da súa familia.

	HORA SAIDA
4º Ed.INFANTIL	**13:55 - porta patio**
5º Ed.INFANTIL	**13:50 - porta patio**
6º Ed.INFANTIL	**13:45 - porta patio**
1º P	**14:10 - porta principal**
2º P	**14:05 - porta patio**
3º P	**14:00 - porta principal**
4º P	**13:55 - porta patio**
5º P	**13:50 - porta patio**
6º P	**13:45 - porta patio**
1º ESO	**14.00 - porta entrada ximnasio**
2º ESO	**14.05 - porta entrada ximnasio**
3º ESO	**14.10 - porta entrada ximnasio**
4º ESO	**14.15 - porta entrada ximnasio**
1º ESO (martes pola tarde)	**18:10 – porta entrada ximnasio**
2º ESO (martes pola tarde)	**18:00 – porta entrada ximnasio**
3º ESO (martes pola tarde)	**18:05 – porta entrada ximnasio**
4º ESO (martes pola tarde)	**17:55 – porta entrada ximnasio**

As familias con alumnos que entren en distintos horarios, deberán recollelos no horario do maior

Se un alumno ou alumna ten que agardar por un irmán maior, agardará no lugar indicado polo seutitoroutitora

ASIGNACIÓN DO PROFESORADO ENCARGADO DA VIXILANCIA

Contamos con todo o profesorado. Deberán estar nas súas respectiva aulas 30´antes da hora de entrada para ir atendendo a todo o alumnado que vaia chegando.

Haberá catro mestres encargados de coordinar as dúas zonas de entrada e saída.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

CARTELERÍA E SINALÉCTICA

- Será preceptivo colocar cartelaría informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns.

- Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelaría.

- A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.

- Ademais da cartelaría oficial enviada pola consellería, colocaranse carteis de elaboración propia e de estética tipo “cómic” en castelán , galego e inglés

- Os corredores estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, divididos en dous carrís e con rotondas(indicando o sentido do xiro con frechas) nas intersecciónns

- Nos baños colocaranse bandas horizontais para marcar o punto de espera. Dentro dos baños haberá cartelaría recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento

-Nas portas dos baños haberácarteis indicando os cursos que poden usalos

PREVISIÓNS RESPECTO A OUTROS ESPAZOS

Sala de fotocopiadora.

É conveniente establecer pautas, xa que son moitas as persoas que, ao longo do día,

pasan por alí. Será responsabilidade do usuario seguir as seguintes normas:

• Desinfectar as mans antes de usar a fotocopiadors e plastificadora.

• Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.
• Limitar a dúas persoas o espazo.
• Uso obrigatorio de máscara.

- O profesorado non poderá enviar ao alumnado a recoller fotocopias

Ximnasio

Tanto para ir óximnasio como para volver, respetarase a sinalización dos pasillos do centro e manterase a distancia.

As portas manteranse abertas para evitar tocar as manillas. Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as ventás permanecerán abertas . Haberá una ventilación de 15 minutos entre clase e clase.

Medidas a ter en conta no ximnasio:

-Dispensador de xelhixienizante. O alumno deberá hixienizar as mans tanto á entrada como á saída.

-Deberán cambiar os tenis antes de entrar óximnasio e desinfetalos na alfombra que haberána entrada do mesmo. Aosaír deberán volver cambialos.

- Para evitar ter que facer turnos no vestiario, deberán cambiarse por turnos (un de nenas e outro de nenos) no mesmo lugar que deixaron a súa bolsa de aseo.

- O chan do ximnasio estará marcado en cuadrículas, nun espazo máis ou menos de dous por dous metros. Cada neno deberá permanecer na cuadrícula correspondente.

-Non se poderácoller ningún material do ximnasio (pelotas, cordas, etc..)

Laboratorio

Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as

medidas e recomendacións a seguir.

- Os alumnos sentaránse sempre mantendo a distancia de seguridade.

- Sempre que sexa posible, o material será utlizado de forma individual, desinfectando antes e despois da súa utilización.

- Para desinfección utlizarase sempre material desbotable.

- Ó rematar a actividade todo o material utlizado debe quedar limpo, seco e recollido

Aula de Inglés

Antes de entrar na aula os alumnos e o conversador farán unha hixiene de mans.

O espazo da aula de Inglés úsase principalmente para conversar conoso auxiliar. As sesións son de 15 minutos e os alumnos van en grupos de catro.

Ademais de ter sempre a máscara posta, manterán unha distancia de 1,5 metros entre eles, evitando sempre estar uns enfrente dos otros.

Despois de cada sesión, ventilarase a aula e cada alumno desinfectará o seu posto.

EDUCACIóN FÍSICA

Sempre que sexa posible, as clases de educación física impartiranse no patio exterior.

Os especialistas en E.F. realizarán a súa intervención de xeito grupal , no ximnasio do colexio.

Tanto para ir ó ximnasio como para volver, respetarase a sinalización dos pasillos do centro e manterase a distancia.

As portas manteranse abertas para evitar tocar as manillas. Sempre que as condiciónsmetereolóxicas o permitan as ventás permanecerán abertas . Haberá una ventilación de 15 minutos entre clase e clase.

Medidas a ter en conta no ximnasio:

-Dispensador de xel hixienizante. O alumno deberá hixienizar as mans tanto á entrada como á saída.

-Deberán cambiar os tenis antes de entrar óximnasio e desinfetalos na alfombra que haberá na entrada do mesmo. Ao saír deberán volver cambialos.

-No perímetro do ximnasio os nenos e nenas deixarán a súa bolsa de aseo coas toalliñas húmidas e a camiseta de cambio.

- Para evitar ter que facer turnos no vestiario, deberán cambiarse por turnos (un de nenas e outro de nenos) no mesmo lugar que deixaron a súa bolsa de aseo.

- O chan do ximnasio estará marcado en cuadrículas, nun espazo máis ou menos de dous por dous metros. Cada neno deberá permanecer na cuadrícula correspondente.

-Cada alumno/a deberá traer unha esterilla á clase de E.F. e levala para a casa ao remate da mesma .

- Emprego por parte dos mestres e dos alumnos/as da máscara facial.

-Para a desinfección e limpeza do material de traballo (balóns, pelotas…), unha vez remate a clase o meste ou mestra usará spray desinfectante.Ningún material empregado por un alumno, será empregado por outro nese mesmo día.

CAMBIOS DE AULA

Ao longo deste curso soamente se contemplan cinco situación nas que son necesarios cambios de aula:

• Para ir ás aulas de desdobre de materias (3º e 4º da ESO)

• Para ir aoximnasio

• Asistencia a sesións de PT/AL.

• Para ir ó laboratorio (alumnos da ESO)

• Para ir á aula de inglés

• Para ir ás sesións de Reforzo educativo naqueles alumnos que o precisen

- Cando un grupo de alumnado deba cambiar de aula, farao en fila de un e respectando a distancia de 1,5m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo

Para garantir que os espazos están baleiros e ventilados, o alumnado esperará na súa aula a que o mestre especialista os vaia buscar.

48.BIBLIOTECA / AULA DE INFORMÁTICA

Non se fará uso polas mañás como biblioteca. No seu lugar, empregaranse bibliotecas de aula e cuxo funcionamento irá reflectido no Plan Xeral da Biblioteca para o curso 20/21, e recollerán as pautas para realizar os empréstitos e os períodos de corentena dos libros devoltos.

- Antes e despois de empregar os equipos informáticos será necesario que os usuarios realicen unha limpeza de mans e desinfección dos elementos de uso (teclado e rato).

-Instaláronse mamparas para separar os postos de traballo da aula para así garantir a asistencia de todo o grupo a este aula.

ASEOS

Cada curso usará os aseos correspondentes á súa planta, e dentro desta, os sinalados para cada clase.

Respetarase rigurosamente o turno de espera e farase limpeza de mans antes e despois de usar os servizos.

- Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans**.**

MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

DETERMINACIÓN SOBRE OS HORARIOS DO RECREO, ESPAZOS

Realizaránse varias quendas de recreos, para maximizar a estanza do alumnado ó aire libre e para separar os grupos e respetar a distancia de seguridade

-O alumnado de E. Infantil, utilizará os seus accesos exclusivos ó patio.

- O alumnado de E. Primaria e ESO empregará as rutas de entrada e saída que utiliza para as entradas e saídas do colexio, polo que volve ser moi importante cumprir estritamente cos horarios.

- Crearanse zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social

- Os días de chuvia irán ó patio exterior a metade dos alumnos dunha quenda, quedando a outra metade na aula, aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas se o tempo o permite. Na seguinte quenda, irán ó patio exterior os grupos que quedaron na aula noutro turno, e os outros permanecerán na aula, coas medidas anteriormente citadas.

PROFESORADO DE VIXILANCIA RECREOS

Criterios para a asignación do profesorado de vixilancia:

-Na primeira quenda de recreo haberá 3 mestres en Infantil, 3 en Primaria e 4 en ESO

-Na segunda quenda de recreo haberá 3 mestres en Infantil, 3 en Primaria e 4 en ESO

- Todo o profesorado realizará gardas de vixiancia.

	INFANTIL	1º, 2º, 3º P	4º, 5º, 6º P	ESO
9:00-10:10				
10:15-10:35				
10:40-10:55		Merenda	Patio	
10:55-11:10		Patio	Merenda	
11.15-12:10				
12:15-12:35				
12:40-12:55		Lectura	Patio	
12:55-13:10		Patio	Lectura	
13:15-14:00				

INFANTIL PRIMARIA ESO

HIXIENE DE MANS E ETIQUETARESPIRATORIA.

O lavado de mans realizaráse seguindo as indicacións de saúde pública sempre que sexa posible realizarase con auga e xabón en tódalas partes da man e durante a lo menos 40 segundos, secándose coas toalliñas de papel desbotable que poden atopar en tódolos baños.

Respecto á Etiqueta Respiratoria, explicarase ó alumnado cómo proceder cando tusan ou esbirren, de xeito que se é posible realizarano sobre un pano desbotándoo á papeleira habilitada para tal efecto na aula. En cada aula disporase de panos desbotables de uso común que estarán nunha mesa xunto ó xel hidroalcohólico. Evitarase tusir nas mans en caso de non ter pano, facéndoo sobre a parte internado cóvado.Evitar tocarse os ollos,mans ou bocaunha vez esbirres ou tusas, e en caso de facerse habería que facer lavado de mans a continuación.

Todas estas pautas de actuación estarán supervisadas e guiadas polo docente presente na aula.

MEDIDAS DE LIMPEZA

20. ASIGNACIÓN DE TAREFAS AO PERSOAL DE LIMPEZA, ESPAZOS E MOBILIARIO A LIMPAR DE XEITO FRECUENTE.

Tendo en conta as medidas en relación coa limpeza que marca o protocolo da consellería. no pto 4.1.1. di que se reforzará naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos, onde será de polo menos dúas veces ao día.

No pto 4.1.3 volve a incidir que durante a xornada lectiva, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces ao día.

Dadas estas esixencias , e dado que o noso persoal de limpeza realiza as súas tarefas en horario de tarde, e isto é un traballo extra, ampliamos o contrato dunha das limpiadoras en dúas horas durante o horario lectivo, para dar cumplimento o establecido no protocolo.

Polo demais, a limpeza ordinaria do centro realizarase no horario habitual da tarde, extremando de novo a limpeza e ventilación de espazos comúns e utilizando os productos específicos recomendados polas autoridades **.**

DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL DE LIMPEZA (DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL DE LIMPEZA E DA ALTERNANCIA SEMANAL OU MENSUAL DE TAREFAS

DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL DE LIMPEZA

PERSOAL	HORARIO DE MAÑÁ	HORARIO DE TARDE	TAREFAS MAÑA	TAREFAS TARDE
LIMPADORA 1	11:00 A 13:00	15:30 A 20:30	LIMPEZA E DESINFECCIÓN ASEOS E SUPERFICIES COMÚNS LIMPEZA E DESINFECCIÓN AULA MATINAL	LIMPEZA E DESINFECCIÓN ASEOS E SUPERFICIES COMÚNS. Tarefas limpezaxerais adaptadas ó protocolo COVID
LIMPADORA 2		15:30 A 20:30		LIMPEZA E DESINFECCIÓN ASEOS E SUPERFICIES COMÚNS Tarefas limpezaxerais adaptadas ó protocolo COVID

MATERIAL E PROTECCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE LIMPEZA

- Luvas, máscaras, pantallas
- Alcohol ó 70%, xerona, deocilcat , xel hidroalcóholico.
- Aspiradora, panos , fregonas, panos desbotables.

O centro mercará tamén material de desinfección que haberá en cada aula e dependencias así como en espazos comúns, entradas e saídas, corredores,...

CADRO DE CONTROL DE LIMPEZA DOS ASEOS

CADRO CONTROL LIMPEZA ASEOS

MANA	LIMPEZA E DESINFECCIÓN	DESINFECCION
	HORA: LIMPADORA:	HORA: LIMPADORA :
TARDE	LIMPEZA E DESINFECCION HORA : LIMPADORA:	

MODELO DE CHECKLIST PARA ANOTAR AS VENTILACIÓNS DAS AULAS

VENTILACIÓN DAS AULAS

AULA	DATA	MESTRE /A	HORA LECTIVA	TEMPO DE VENTILACIÓN
			1ª	
			2ª	
			3ª	
			4ª	
			5ª	

En todas as aulas do centro haberáunha folla onde se apunten as ventilacións das aulas.

Este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de rexistro.

Independentemente disto, **o centro conta con sistema de renovación de aire, que se manterá en funcionamento constante.**

DETERMINACIÓN DOS ESPAZOS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS

Correspóndelle ao persoal de limpeza a xestión dos residuos ocasionados. Dende o centro trataremos de que os residuos ocasionados non desborden nunca as papeleiras que se atopan nas diferentes dependencias e que cada residuo sexa introducido no contenedor correspondente, co mínimo contacto co mesmo por parte do alumnado.

4.CASOS E ESCEARIOS POSIBLES

No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote. A xestión dun abrocho no centro é labor do Equipo Covid, xunto coas autoridades sanitarias

4.1 MEMBROS DO EQUIPO COVID

MEMBRO 1 MARÍA LUISA DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ

CARGO DIRECTORA

TELÉFONO 696297940

TAREFAS ASIGNADAS

- Coordinador Covid
- Interlocutor coa administración
- Recoller e estudar as propostas das familias, Anpa, Concello, persoal docente e non docente
- Cambios no protocolo se foran precisos e difusión dos mesmos
- Comunicación de casos

MEMBRO 2 ROSA MARÍA CASTEDO FERNÁNDEZ

CARGO MESTRA PRIMARIA

TELÉFONO 610027802

TAREFAS ASIGNADAS

-Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria e ESO

- Elevar as propostas dos equipos docentes de primaria e ESO

- Coordinar os recreos de todas as etapas educativas

- Xestionar a adquisición de material de protección necesario

- Levar o rexistro de faltas de asistencia diario

MEMBRO 3: Mª ENEDINA CADAVAL

CARGO Mestra infantil

TELÉFONO 627486601

TAREFAS ASIGNADAS

- Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil
- Inventario e repato material COVID
- Supervisión recreos de infantil
- Elevar as propostas do equipo docente de infantil

CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

CENTRO: C.S TEIS

TELÉFONO: 986374229

CONTACTO: José Luis López Vilar

ESPAZO DE ILLAMENTO

Será odespacho de Orientación por ser un lugar cerca da entrada e con ventilación.

Elementos de protección: mascaras, xel hidroalcohólico, desinfectante, panos desbotables e papeleira con tapa.

CANLE DE COMUNICACIÓN (PARA DAR A COÑECER AO EQUIPO COVID OS CASOS DE SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE, AS AUSENCIAS DE PERSOAL NON DOCENTE E PROFESORADO E PARA A COMUNICACIÓN DAS FAMILIAS CO EQUIPO COVID PARA COMUNICAR INCIDENCIA E AUSENCIAS)

O TELÉFONO DO CENTRO: 986272047

O TLF DO COORDINADOR: 696297940

O CORREO ELECTRÓNICO DO CENTRO: cpr.monterrey@edu.xunta.es

Via aplicación de comunicación coas familias asidua TOKAPP SCHOOL

COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DAS INCIDENCIAS ÁS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS)

O centro terá un centro de saúde de atención primaria de referencia co que se porá en comunicación o coordinador para resolver dúbidas ou incidencias.

Dende a consellería habilitarase unha canle informática específica para a comunicación de posibles ca-sos e para recibir información.

No tlf: 981546571 a consellería habilita un teléfono ao centro para apoiona aplicación do protocolo e resolver dúbidas ao respecto da súa aplicación.

Os pasos a seguir serán:

Aviso a un membro do equipo covid-19. A partir de aquí, establecerase a comunicación coas autorida-des sanitarias e a familia do afectado:

• Chamada telefónica á familia do afectado/a.
• Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.
• Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
• Subida de datos á aplicación.

4.2 APARICIÓN DE SÍNTOMAS OU POSITIVOS

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con alguna persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica**.**

Diariamente, as familias responsabilizaranse de facerlle un autotest ós seusf illas e fillos, descartando sintomatoloxía compatible con Covid 19.

O persoal docente e non docente taménfará o autotest.

Na entrada do centro medirase a febre a todo o alumnado e persoal, non podendo acceder ó mesmo con temperatura superior a 37.5 graos.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: ”Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, en virtude da mesma:

26.

- Levarase a un espazo separado de uso individua (AULA COVID), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

,

- Os pais ou os seus titores deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

- O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado oupersoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluirá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos os dos compañeiros/as afectados/as do seu profesorado, así como de quen poida ser próxima que estea vencellada ao centro educativo

A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporarase a mesma información.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguíranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

- Escenarios no suposto dos gromos

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunhaou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

• A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

• Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

- A aparición duncontaxiosospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas aoensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de

Educación coasesoramento da Consellería de Sanidade. O modelo proposto establece catro fases:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas. Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles en Primaria e 1,5 mtrs en Secundaria
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%.Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento. Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.

- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

PERSOAS QUE REALIZARÁN AS COMUNICACIÓNS DAS INCIDENCIAS Á AUTORIDADE SANITARIA

Corresponde ó EQUIPO COVID, e en concreto á Directora do centro a comunicación coa autoridades sanitaria e educativa. Como suplente, estará a segunda componente do equipo (Mestra de Primaria)

4.3 MEDIDAS A ADOPTAR EN CASO DE ENSINO A DISTANCIA

É posible que a actividade educativa presencial en todo o centro ou nalgunha aula quede suspendida nalgún momento do curso 20/21 debido á aparición dalgún abrocho que obrigueó confinamiento. Neste caso, seguiránse as pautas establecidas nas programacións didácticas sobre o ensino a distancia e as medidas xerais establecidas polo centro enumeradas no punto seguinte.

4.3.1 ORIENTACIÓNS XERAIS A NIVEL DE CENTRO SOBRE O ENSINO A DISTANCIA.

Accións previas

- Ó comezo do curso pediuse a todo o alumnado que crease un correo electrónico para o envío de tarefas (no caso do alumnado más pequeno será o correo dos pais).

- Tódolos mestres enviaron correos electrónicos ós alumnos e viceversa, para comprobar e garantir o contacto.
- Na axenda do centro, que teñen tódolos alumnos facilitouse un listado cos correos electrónicos de todo o profesorado. Este listado tamén está disponible na Web do centro www.colegiomonterrey.com
- Facilitáronse licenzas dixitais dos libros de texto a todo o alumnado.
- Matriculouse a todo o alumnado na aula virtual Moodle do centro e creáronse aulas virtuais para cada curso e materia.
- Déronse nocións básicas de manexo da aula virtual a tódolos alumnos .
- Procúrase enviar algún traballo a través da aula virtual para familiarizar ó alumnado coseu uso.
- Todo o profesorado recibirá formación básica e avanzada en entornos virtuais , e tamén traballará durante o curso nun seminario sobre Moodle.
- Elaborouse un listado das familias que non teñen acceso a Internet ou dispositivos para a conexión vía telemática.

Accións común xerais durante ó ensino a distancia

- Facilitaranse as tarefas a realizar a través de diferentes medios (Correos electrónicos Tokapp, Whatsapp, fotocopias, libros de texto…), axeitándonos ás necesidades e dificultades que presenten as familias.
- Realizaránse conexión co alumnado a través de videoconferencias, sempre que sexa posible para resolver dubidas, explicar algún conceptos, organizar as tarefas e facer o seguimiento do proceso de ensino.
- O titor será o referente no proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. O resto de especialistas canalizarán a información a través do titorou das plataformas que se establezan para talefecto.
- O titor trasladará a información a nivel de centro ás familias e será o intermediario para calquera consulta co equipo directivo.
- Será fundamental a coordinación entre docentes dun mesmo curso.
- O volume de tarefas debe adaptarse ás circunstancias que englobe ás familias, ássúas dificultades ou potencialidades, sempre tentando que sexan tarefas que poida realizar o alumnado dunhna maneira máis ou menos autónoma.
- En caso de peches curtos pódese avanzar de xeito sinxelo sobre os contidos que se estiveran dando ou repasar e consolidar o dado ata omomento.
- En situacións de peche prolongado, adaptaranse contidos e seleccionaranse os imprescindibles,recollidos nas programacións didácticas, para avanzar con eles no tempo que dure o peche dos colexios. Neste esceario tamén se terán

en conta as instruccións que dictaminen as autoridades educativas.

- En caso de peches temporais ou menores a 15 días, as probas escritas e exames realizaranse no centro á reincorporación do alumnado.

- En caso de peches máis extensos a 15 días, seguiranse os criterios de calificación establecidos nas programaciones didácticas para a educación non presencial.

- Tentarase facilitar medios informáticos a aqueles alumnos que carece deles, se a situación se prolonga no tempo, pedindoaxuda á Administración , Concello ou facendo uso dalgún equipo do centro.

4.3.2 CONCRECIÓNS POR ETAPAS E ESCEARIOS

4.3.2.1 Un alumno ou alumna non asiste á clase por atoparse illado.

Ed. Infantil

O titor ou titora manterá contacto cos proxenitores para interesarse pola saúde do alumno ou alumna e facerlle chegar as tarefas do día , se é o caso.

Ed. Primaria

O titor ou titora manterá contacto diario cos proxenitores por vía telefónca, Tokapp ou correo electrónico para interesarse pola saúde do alumno ou alumna e facerlle chegar as tarefas do día , se é o caso.O alumno ou alumna remitirá as tarefas polo medio requerido polo mestre da materia (correo electrónico ou Aula virtual)

Ed. Secundaria

O titor ou titora manterá contacto diario cos proxenitores por vía telefónca, Tokapp ou correo electrónico para interesarse pola saúde do alumno ou alumna e facerlle chegar as tarefas do día , se é o caso. O alumno ou alumna remitirá as tarefas polo medio requerido polo mestre da materia (correo electrónico ou Aula virtual)

4.3.2.2 Un aula non asiste ó centro por atoparse illada.

Ed. Infantil

As medidas a tomar serán as establecidas no punto 4.3.2.3 para o peche do centro, tendo en conta que os horarios sufrirán modificacións pois parte ou a totalidade do profesorado pode ter clases presenciais con outros cursos.

Ed. Primaria

As medidas a tomar serán as establecidas no punto 4.3.2.3 para o peche do centro tendo en conta que os horarios sufrirán modificacións pois parte ou a totalidade do profesorado pode ter clases presenciais con outros cursos.

Ed. Secundaria

As medidas a tomar serán as establecidas no punto 4.3.2.3 para o peche do centro tendo en conta que os horarios sufrirán modificacións pois parte ou a totalidade do profesorado pode ter clases presenciais con outros cursos.

4.3.2.3 Todo o centro permanece pechado por illamento ou Estado de Alarma

Educación Infantil

- Os mestres e titores conectaránse de forma regular cos alumnos, pero non replicarán o horario normal de clases. Establecerán tarefas acordes a súa idade e a súa realización será voluntaria en función das circunstancias de cadafamilia.

- O titor terá de forma periódica comunicación cos proxenitores.

- A principal xustificación das conexións cos máís pequenos é manter un hábito de rutinas, evitar a desvinculación cos mestres e co resto dos compañeiros e por riba de todo, velar pola estabilidade emocional do alumnado

Educación Primaria

- Tódolos días haberá clases en líña e tarefas tomando como referencia o desenvolvemento do currículo das asignaturas .O desenvolvemento das clases e tarefas graduarase en función da idade dos alumnos. Existirá flexibilización dos currículos das asignaturas e dos horarios .Estes últimos concrétanse máis abaixo.. As sesións (viaWebexou Zoom) serán de 45 minutos e haberá descansos entre elas.

- O motivo destas conexións será evitar a desvinculación das tarefas e rutinas da actividade lectiva, tentando que se respeten horarios de traballo

establecidos e tamén períodos de descanso. Así mesmo servirá para manter a conexión do grupo, deste cos seus mestres e por suposto, velar pola estabilidade emocional do alumnado.

- Prestaráse especial atención e seguimiento a aqueles alumnos de reforzo educativo, ou que poideran ter dificultades no seguimiento das actividades lectivas telemáticas.
- O titor ou titora terá unha sesión semanal de titoría grupal cos alumnos, con carácter lúdico e de tanteo da situación emocional do seu grupo.

1º P

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	L.Castelá	Matemáticas	L.Castelá	Matemáticas	Galego
11-11:45	Ed. Física	C. Naturais	C. Sociais	Música	
12:30-13.15	Galego		Arts	Inglés	Titoría

2º P

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	Música	Galego	Matemáticas	L.Castelá	
11-11:45	L.Castelá	Matemáticas	Arts	Ed. Física	Galego
12:30-13.15	Inglés	C. Naturais		C. Sociais	Titoría

3º P

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	L.Castelá	C. Naturais	Matemáticas	Inglés	Matemáticas
11-11:45	Galego	Arts	Música	L.Castelá	Titoría
12:30-13:15	C. Sociais			Galego	Ed. Física

4º P

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	L.Castelá	Matemáticas	Música	Ed. Física	Matemáticas
11-11:45	C. Naturais	Galego	Inglés	L.Castelá	C. Sociais
12:30-13:15		Arts	Galego		Titoría

5º P

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	Matemáticas	Música	Ed. Física	L.Castelá	Matemáticas
11-11:45	C. Naturais	L.Castelá			Arts
12:30-13:15	C. Sociais	Galego	Inglés	Galego	Titoría

6º P

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15		Galego	L.Castelá	Música	Matemáticas
11-11:45	Inglés	Matemáticas	C. Naturais		L.Castelá
12:30-13:15	Ed. Física	C. Sociais	Galego	Arts	Titoría

Educación Secundaria Obrigatoria

- Reorganizaránse os horarios das asignaturas, de xeito que se garantice a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia durante todos os díaslectivos, como se concreta nos cadros seguintes. As sesións (viaWebexou Zoom) serán de 45 minutos e haberá descansos entre elas.
- Adaptaránse as programacións didácticas, procedementos e instrumentos de avaliación, os criterios de calificación e a temporalización.
- Prestaráse especial atención e seguimiento a aqueles alumnos de reforzo educativo, ou que poideran ter dificultades no seguimiento das actividades lectivas telemáticas.
- O motivo destas conexións será evitar a desvinculación das tarefas e

rutinas da actividade lectiva, tentando que se respeten horarios de traballo establecidos e tamén períodos de descanso. Así mesmo servirá para manter a conexión do grupo, deste cos seus profesores e por suposto, velar pola estabilidade emocional do alumnado.

- O titor ou titora terá unha sesión semanal de titoría grupal cos alumnos, con carácter lúdico e de tanteo da situación emocional do seu grupo

1º ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	Matemáticas	Matemáticas	L.Castelá	Francés	Galego
11-11:45		Bioloxía	Matemáticas	Inglés	L.Castelá
12:30-13:15	Galego	Xeografia e Hª	Ed. Física	Bioloxía	Titoría
16.16:45		Ed. Plástica			

2º ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	Francés	Matemáticas	Xeografia e Hª	Matemáticas	Inglés
11-11:45	L.Castelá	Galego	Galego	L.Castelá	Física e Química
12:30-13:15	Tecnoloxía	Ed. Física	Matemáticas		Titoría
16.16:45		Música			

3º ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	Matemáticas	Galego	Inglés	Música	L.Castelá
11-11:45	Bioloxía	Matemáticas	Física e Química		Francés/ Cult. Cl.
12:30-13:15	Ed. Plástica	L.Castelá	Xeografia e Hª	Tecnoloxía	Galego/Titoría
16.16:45		Ed. Física			

4º ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:15	Galego	Matemáticas		Galego	Matemáticas
11-11:45	Bioloxía/C Apli	Ed. Física	L.Castelá	Física/Lat/ Empr	
12:30-13:15	L.Castelá	Inglés	Xeografia e Hª	Francés/Artes es.	Titoría
16.16:45		TIC			

5. GRUPO DE TRABALLO.

Incluirase no plan de formación de centro un grupo de traballo específico para posible situación de ensino a distancia. Estará formado polo profesorado encargado de formación, o equipo Covid, os coordinadores TIC de cada etapa e a coordinadora de necesidades educativas.

6.REVISIÓN DO PLAN DECONTINXENCIA

Oplan de continxencia revisarase de xeito periódico,podendo adaptar e modificar as actuacións que se recollen nel, dependendo da situación sanitaria, e das incidencias e melloras que se poidan observar e aportar polos diferentes membros do grupo de traballo, do alumnado e das familias.